

Luns, 19 de agosto de 2024

Núm. 160

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

DETERMINACIÓN DA XORNADA LABORAL A REALIZAR POLO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 43578/220

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 9 de agosto de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Acordar a determinación dunha xornada laboral de 1.642 horas en cómputo anual para o persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, nos termos do previsto no art. 8 do vixente Regulamento reitor do servizo; xornada vinculada á proposta de organización do servizo de data 25 de abril do 2024, asinada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, e aos criterios xerais reitores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións destes, en execución do acordo adoptado pola Mesa de Negociación das condicións do persoal funcionario -proceso de diálogo social desenvolto en sesións negociais de datas 07/05/2024 e 25/06/2024-; nos termos do informe da contratista do proceso de revisión da relación de postos de traballo asinado en data 13/06/2024 (trámite 38); do informe asinado en data 04/07/2024 polo servizo propio de Prevención de Riscos Laborais (trámite 35), consonte á motivación xurídica exposta no informe-proposta que antecede, e do informe favorable da Intervención Xeral Municipal.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto os actos administrativos e acordos anteriores relativos á xornada laboral do persoal pertencente ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo no que se opoñan ao presente.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da parte dispositiva do presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, así como no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para público coñecemento.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade, Xefaturas e letrados/as); Xefatura da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios; Xefatura de Servizo de Mobilidade e Seguridade; Xefatura do SPEIS; Tesourería Municipal; persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, inspección de persoal e Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais; sindicatos lexitimados para a negociación colectiva no Concello de Vigo e órganos de representación sindical do persoal funcionario do Concello de Vigo, para coñecemento e efectos.



Luns, 19 de agosto de 2024

Núm. 160

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Vigo, data da sinatura electrónica.

Conforme:

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución de Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data).- Patricia Rodríguez Calviño.

